


3. Función : Match - como exportar os exercicios

1. Como construír un exercicio tipo Match

Despois de abrir JMatch, escríbese o título do exercicio. Tamén podemos introducir subtítulos e instrucións como explicáramos antes e/ou engadir subtítulos ou instrucións.

Logo procedemos a introducir os datos. O elemento da esquerda ten que coincidir co elemento na dereita formando unha parella.




Logo podemos reorganizar os elementos, mais ben as parellas de elementos: temos as funcións de: borrar, introducir, cambiar de lugar, mesturar. Mais se axustáramos que os elementos se mesturen cada vez que se abre o exercicio, podemos prescindir desa función.

A última función é MOI útil: intercambiar os elementos da esquerda e da dereita. No exercicio que farán os alumnos, os elementos da esquerda quedan fixos e os elementos da dereita teñen que ordenarse formando parellas. Se gardamos o exercicio dúas veces intercambiando os lados, creamos dous exercicios distintos en direccións inversas.


Se queremos introducir mais que 5 parellas, podemos movernos ata abaixo premando o triángulo ó carón da esquerda. Convén non pasarse demasiado para que non haxan mais de 12 ou 15 parellas á vez na pantalla, porque con mais non se pode traballar comodamente. Sen duda, podemos introducir mais elementos, se limitamos o número dos que aparecen na

pantalla cada vez que se abre o exercicio. Para iso imos ás opcións e axustes:



Non só podemos introducir parellas de texto escrito, senón tamén combinacións con imaxes ou audios. Pero non se introducen coa función de copiar e cortar, senón coa función de introducir na barra de ferramentas enriba. Temos dúas formas de introducir elementos:

a) Elementos da web que enlazamos introducindo unha URL.




b) Elementos locais que temos que gardar SEMPRE na mesma carpeta que o exercicio. Só así recoñecelos o programa. Se os gardamos na mesma carpeta, móvense sempre en conxunto, tanto copiando a carpeta como converténdoa ou subíndoa nunha páxina web. As imaxes

introdúcense como gráficos e os audios como enlaces. Se quero introducir un elemento local, o programa advírteme que ten que estar na mesma carpeta.

2. Como exporta-lo exercicio tipo Match

Podemos exportar o exercicio Match de tres formas distintas, igual que todos os outros exercicios: en formato HTML (este é o formato para velo na nosa computadora para revisalo), en formato ZIP (para transportalo nun USB e instalalo noutro disco duro para uso local) ou en formato SCORM (que nos interesa aquí, porque é o formato que serve para subilo en Moodle).



En cada unha destas formas de exportalo, preséntannos tres posibilidades de configuración: estándar, tirar e soltar, flash cards. Na versión estándar, preséntase ao alumnado un elemento que introducíamos na esquerda e unha caseilla onde se desglosan os elementos posíbeis para emparellar. Na versión tirar e soltar, márcase un elemento da dereita co ratino, tírase ata a parella correspondente situada na esquerda e sóltase alí.

A versión flash card funciona parecido ás caixiñas con tarxetas de vocabulario: Se o alumno preme o botón da esquerda, preséntase un elemento que introducíamos na esquerda. Se o alumno preme o mesmo botón outra vez, verá a parella correspondente. O botón da dereita serve para eliminar a parella en canto o alumno xa saiba a resposta. Se non supera a resposta correcta preme o botón da esquerda e pasa á parella seguinte. As que non elimina volven a aparecer ata que se terminen e o exercicio quede baleiro.